

Máster Universitario en Internet das Cousas

Universidade de Santiago de Compostela
Universidade da Coruña
Universidade de Vigo

NORMATIVA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS

Aprobada na Comisión Académica Interuniversitaria do 13 de febreiro de 2025

ANTECEDENTES

Mediante o Real Decreto 592/2014 do 11 de xullo régúlanse as prácticas académicas externas do estudantado universitario en España. As Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, ao amparo de dito Real Decreto, aproban os seus propios regulamentos.

Estes documentos constitúen os textos básicos que recollen a meirande parte das regras que nos incumben; non en tanto, non están completos, polo que se dispón esta normativa específica para desenvolverlos na titulación interuniversitaria Máster Universitario na Internet das Cousas, ou MUIoT.

A presente normativa define:

- a) O procedemento de oferta e difusión das prácticas externas entre o alumnado a que sexan destinadas, axustado ao recollido no punto 4 do artigo 17 do Real decreto 592/2014.
- b) O procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora na que se realizarán as prácticas.
- c) O procedemento de adxudicación do profesorado titor académico de prácticas.
- d) As responsabilidades na realización e aprobación do proxecto formativo de cada práctica a que se refire o artigo 6 do RD 592/2014.
- e) O proceso para realizar e entregar os informes e memoria final a que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 592/2014.
- f) O proceso para avaliar e cualificar as prácticas externas curriculares.

Con estes precedentes, o presente documento pretende artellar os procedementos e procesos referidos na listaxe anterior para o MUIoT. E como tal, debe considerarse só como un complemento adicional ás normativas básicas que recollen maioritariamente o marco legal para o establecemento de convenios entre entidades colaboradoras e universidade, as definicións

das distintas entidades intervincentes nas actividades, a xustificación da finalidade social das prácticas, a definición e/ou artellamento de moitos dos procesos e procedementos de xestión involucrados, os dereitos e obrigas de titores e estudantes, as obrigas de entidades colaboradoras e universidade, etc.

NORMATIVA

ARTIGO 1. Do calendario das Prácticas Externas

1. A Comisión Académica Interuniversitaria do Máster (CAI) aprobará no primeiro cuatrimestre de cada ano académico o calendario de oferta, asignación e realización das prácticas externas a realizar no segundo cuatrimestre.
2. Excepcionalmente poderá aprobarse o devandito calendario ao comenzo do segundo cuatrimestre.

ARTIGO 2. Da coordinación e titorización das Prácticas Externas

1. O Coordinador/a de Prácticas en Empresa será a persoa responsable de canalizar as xestións relacionadas coas prácticas en empresa e de supervisar a correcta realización dos procesos vinculados ás mesmas. Igualmente, será responsable de verificar o recoñecemento da dedicación do profesorado que faga a avaliación do alumnado que realice prácticas en empresa.
2. En cada unha das outras dúas Universidades participantes haberá unha persoa delegada polo centro para a coordinación de prácticas externas do MUIoT, ao que denominaremos coordinador local de prácticas.
3. Poderá actuar como titor/a académico/a o profesorado con docencia no MUIoT en cada unha das Universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo. A persoa que titoriza cada estudante debe pertencer á universidade onde está matriculado o/a estudante.
4. O/A titor/a académico deberá consensuar co/a titor/a da entidade colaboradora o proxecto formativo da práctica a desenvolver polo/a estudante, garantindo que sexa acorde ás competencias a adquirir na materia e máis o convenio coa entidade colaboradora.
5. O coordinador local de prácticas do MUIoT en cada centro será responsable de garantir a asignación dun/dunha titor/a académico/a, para cada unha das prácticas. Asemade asumirá a titorización en circunstancias excepcionais.

ARTIGO 3. Da xestión das Prácticas Externas

1. A coordinación de prácticas externas do MUIoT, constituída polo Coordinador de Prácticas en Empresa e os Coordinadores Locais de Prácticas, elaborará, segundo o previsto no calendario, unha listaxe de oferta de prácticas asegurando que haxa polo menos a mesma oferta de prazas que estudantes demandantes das mesmas. Esta listaxe debe recoller a información requirida pola normativa xeral de prácticas externas de cada universidade. Estas listaxes serán enviadas á Comisión Académica do Máster (CAM) de cada universidade, cando sexa preceptivo..

2. A CAI, tras a aprobación nas CAM de cada univesidade cando sexa preceptivo, aprobará, na data que estableza o calendario, as listaxes coas ofertas de prácticas externas, que se farán públicas entre o alumnado matriculado no Máster.
3. O coordinador de prácticas, en coordinación cos coordinadores locais de prácticas, establecerá un procedemento de solicitude de prácticas, a través de sendas convocatorias oficiais de prácticas en cada univesidade, para que os/as estudantes establezan as súas preferencias, e mecanismos para contactar coas entidades colaboradoras.
4. As entidades colaboradoras poderán facer unha selección priorizada entre os/as candidatos/as, durante un prazo establecido no calendario.
5. Cando haxa varios/as estudantes que compitan por unha mesma praza/práctica e non haxa ningún outro criterio de selección, priorizarse por expediente, sen menoscabo dos criterios de priorización das normativas superiores.
6. A CAI, tras a aprobación nas CAM de cada univesidade cando sexa preceptivo, publicará as listaxes de adxudicación.
7. Independentemente deste proceso, o alumnado poderá propoñer empresas ou institucións nas que levar a cabo as súas prácticas. De non ter convenio establecido, o/a coordinador/a de prácticas externas do MUIoT en cada centro encargarse de xestionalo.

ARTIGO 4. Da formalización das Prácticas Externas

1. A/os estudantes seleccionados deberán contactar coas persoas que coordinan as prácticas externas para a preparación e sinatura do anexo ao convenio coa entidade colaboradora, de aceptación do proxecto formativo, e de acordo ao procedemento previsto pola univesidade.
2. No caso de manterse unha relación laboral entre a/o estudante e a entidade colaboradora na que solicita prácticas, a aceptación do proxecto formativo deberá ser autorizado con arreglo á normativa interna de cada univesidade. En calquera caso deberase presentar una declaración do carácter exclusivo da dedicación de horas ás prácticas fóra da xornada laboral, así como do carácter diferenciado do contido das actividades desenvolvidas nas prácticas fronte ás propias do posto de traballo.

ARTIGO 5. Da avaliación e cualificación das Prácticas Externas

1. Ao remate da actividade, o/a alumno/a deberá entregar unha memoria das actividades realizadas seguindo o previsto no artigo 14 do RD 592/2014, e as normas asociadas de cada univesidade.
2. O/A titor/a da entidade colaboradora elaborará e remitirá un informe final, segundo o modelo oficial de cada univesidade ou, de non telo, o aprobado pola CAI, certificando a realización das prácticas seguindo o previsto no artigo 13 do RD 592/2014, e as normas asociadas de cada univesidade.
3. O/A titor/a académico/a elaborará unha proposta de cualificación, segundo o modelo oficial de cada univesidade o, de non telo, o aprobado pola CAI, na que valorará a memoria entregada polo/a estudante, o informe do/a titor/a da entidade colaboradora e maila adecuación das tarefas realizadas ao proxecto formativo. A cualificación será reflectida na acta que asinará o/a titor/a académico/a. O procedemento de cualificación final seguirá o previsto nas normativas de cada univesidade.

ARTIGO 6. Da convalidación das Prácticas Externas

1. Sempre que estea matriculado na materia Prácticas Externas, a/o alumna/o poderá solicitar a convalidación de experiencia laboral no ámbito do mestrado como prácticas curriculares, e sempre que dita experiencia teña sido polo menos de 12 meses de contrato, e cun mínimo de 800 horas de adicación a actividades relacionadas co mestrado.
2. O alumnado terá que formalizar a petición de convalidación de prácticas, cunha solicitude ao servizo de Xestión Académica da súa universidade que especifique a seguinte información:
 - a) Informe da actividade realizada pola/o alumna/o, emitido pola entidade contratante.
 - b) Copia do contrato onde se enmarca a actividade.
 - c) Informe de vida laboral recente da/o alumna/o.
3. A Comisión Académica Interuniversitaria do Máster emitirá un informe de cada solicitude de convalidación no que se analizará o traballo desenvolvido, e a idoneidade do mesmo con respecto as competencias correspondentes da materia “Prácticas Externas” do MUIoT.
4. Tamén se poderá convalidar a realización de prácticas extracurriculares segundo contemple a normativa de cada Universidade e, de ser o caso, a normativa de cada Centro.

ARTIGO 7. Da modificación e/ou interpretación desta normativa

A Comisión Académica Interuniversitaria do Máster é o órgano no que reside a facultade de modificar os termos desta normativa e de interpretar aqueles aspectos que, no seu desenvolvemento práctico, xeren dúbidas.

ARTIGO 8. Da aprobación da normativa

Esta normativa entrará en vigor desde o día seguinte á aprobación na Comisión Inter-Universitaria de MUIoT.